

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 22 de outubro de 2020, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Elección da presidencia da Comisión (artigo 41 e 36 do Regulamento do Parlamento de Galicia).

Punto 2. Preguntas

- 2.1 1315 (11/POC-000202)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e 6 máis
Sobre as medidas inseridas no protocolo elaborado polo Goberno galego para garantir a seguridade e minimizar o risco de contaxios por covid-19 entre os usuarios do transporte compartido. (Procedemento de urxencia)
Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 12, do 08.09.2020
- 2.2 2610 (11/POC-000410)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 7 máis
Sobre os datos referidos ás iniciativas de rehabilitación de inmobles que se atopan en marcha na actualidade no barrio da Tinería, na cidade de Lugo, as medidas que está a desenvolver o Goberno galego para a recuperación dos edificios emblemáticos, como o pazo de Dona Urraca ou a Casa-Torre, e a contía total dos investimentos comprometidos, así como sobre a valoración que fai deste tipo de iniciativas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 27, do 07.10.2020
- 2.3 2661 (11/POC-000420)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonso, Ramón e 3 máis
Sobre as razóns da baixada que presenta o nivel do encoro do Eume, as previsións referidas á súa recuperación e a súa posible relación coas obras anunciadas por Endesa no cartel situado no acceso, así como sobre as actuacións de control e vixilancia que ao respecto están a desenvolver os organismos dependentes da Xunta de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 27, do 07.10.2020
- 2.4 2802 (11/POC-000441)



Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis
Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa protección da paisaxe de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 27, do 07.10.2020

Punto 3. Proposicións non de lei

- 3.1 1138 (11/PNC-000094)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis
Sobre a adxudicación polo Goberno galego, antes do remate de 2020 e garantindo a aplicación dos fondos europeos, das obras de construción da nova estación depuradora de augas residuais de Burela
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 12, do 08.09.2020
- 3.2 2788 (11/PNC-000305)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos espazos naturais protexidos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 27, do 07.10.2020

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2020

Ramón Carballo Páez
Vicepresidente da Comisión

Ramón
Carballo
o Páez

Firmado digitalmente
por Ramón Carballo
Páez
Nombre de
reconocimiento (DN):
cn=Ramón Carballo
Páez,
email=ramon.carballo.
paez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2020.10.16
14:15:46 +02'00'





Asinado dixitalmente por:

Ramón Carballo Páez na data 16/10/2020 14:15:46

